



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

METEOGALICIA

Informe climatolóxico

Mes de xuño 2009

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE XUÑO 2009



1.- Resumo

Mes húmido en toda Galicia pero con temperaturas superiores ó promedio

O mes de xuño tivo dúas partes moi diferenciadas. A primeira metade estivo dominada polas baixas presións e as situación de chuvia, mentres que a partir do día 15 o predominio foi para o anticiclón, con períodos longos de sol e calor. Así, o mes de maio terminara cunha situación de sol e calor que tivo continuidade nos primeiros dous días do mes, con temperaturas particularmente altas o día 1. O cambio de tempo tivo lugar o día 3 coa chegada dunha fronte dende o Atlántico que deixou un aumento de nubes e algunhas chuvias de carácter feble. A situación mantívose moi inestable con treboadas nas xornadas entre o 4 e o 6 e chuvias xeneralizadas e por veces intensas entre o 7 e o 10. Neste período as chuvias superaron os 40 mm en 12 horas na provincia de Pontevedra e sur de A Coruña. Entre o día 11 e o 14 a situación foi intermedia entre altas e baixas presións, quedando en xeral un tempo caracterizado polos intervalos de nubes, pero sen chuvias. O cambio de tempo cara a unha situación anticiclónica tivo lugar na xornada do 15. As altas presións estiveron sobre Galicia ata o día 22, deixando 7 xornadas de tempo seco soleado e con moi altas temperaturas. O martes 23 entrou unha masa de aire do atlántico máis fresca e húmida que ocasionou un cambio de tempo, quedando Galicia en xeral en situacións intermedias, con predominio dos intervalos nubosos, algunhas chuvias entre o 25 e o 28 e temperaturas propias desta época do ano.

Chuvia

As chuvias estiveron en xeral por riba da media agardada nun mes de xuño. Esta situación ven dada en xeral polas chuvias rexistradas na primeira quincena do mes e particularmente nos período entre o 8 e o 10 de xuño cando en moitos puntos da Comunidade rexistráronse chuvias superiores ás normais para todo o mes. De tódolos xeitos o número de días de chuvia tamén foi superior ó normal neste mes.

Temperatura

As temperaturas foron altas en xeral durante este mes. Así os períodos de chuvia da primeira quincena do mes e dos últimos días estiveron acompañados con masas de aire atlánticas, pero relativamente cálidas impulsadas polos ventos do sudoeste, de xeito que a temperatura non foi particularmente baixa nesas datas. Sen embargo os períodos anticiclónicos, principalmente os dous primeiros días do mes e o período entre o 15 e o 22 si que estiveron caracterizados polas altas temperaturas, tanto mínimas como máximas, que arrastraron á media cara un valor alto.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm

CIS FERROL

	XUÑO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.1	16.9	19.1 (2004)	14.9 (1977)
Tª mínima media	14.6	13.9	15.7 (2004)	12.0 (1977)
Tª mínima absoluta	11.9 (día 8)	6.6 (29/06/1998)		
Tª máxima media	22.3	20.0	22.6 (2004)	17.7 (1977)
Tª máxima absoluta	30.9 (día 1)	34.4 (15/06/2000)		
Precipitación acumulada	82.3	25-50	111 (1974)	5 (1995)
Días de chuvia (≥1mm)	11	7	16 (1997)	2 (1973; 1976; 1979; 1983; 1994; 1995; 1998; 2000)

Comentario:

Mes moi cálido debido as altas temperaturas rexistradas con respecto aos valores climáticos agardados.

A chuvia rexistrada é superior ó rango normal de valores para o mes de xuño polo que o mes pode considerarse “moi húmido”. O número de días de chuvia superan os climáticos agardados.



SANTIAGO

	XUÑO 2009	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.2	17.4	20.1 (2004)	15.5 (1992)
Tª mínima media	13.3	12.3	13.9 (2003)	11.2 (1992)
Tª mínima absoluta	10.5 (día 5)	4.8 (05/06/1984)		
Tª máxima media	22.4	22.4	26.0 (1996)	19.8 (1992)
Tª máxima absoluta	29.6 (día 22)	36.2 (14/06/1996)		
Precipitación acumulada	108.5	35-57	137 (1997)	8 (1996)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	10	7	13 (1992)	0 (1981; 1998)

Comentario:

En xeral as temperaturas máximas, mínimas e medias moi semellantes aos valores climáticos, o mes pode considerarse normal. A precipitación rexistrada é superior ao valor climático considerándose o mes “moi húmido”, isto mesmo ocorre cos días de chuvia superiores ao valor agardado.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003), polo que a diferenza neste caso está algo sobreestimada

LUGO

	XUÑO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	16.9	16.9	20.4 (1976)	14.3 (1977)
Tª mínima media	12.3	11.3	13.2 (2000)	8.7 (1977)
Tª mínima absoluta	9.3 (día 22)	0 (03/06/1975)		
Tª máxima media	23.1	22.5	28.4 (1976)	19.3 (1992)
Tª máxima absoluta	30.1 (día 2)	39.0 (17/06/2000)		
Precipitación acumulada	51.5	19-43	88 (1988)	4 (2001)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	9	7	16 (1982)	2 (1983; 1998; 2001)

Comentario:

Mes cálido en canto as temperaturas máximas e medias, as mínimas superiores aos valores agardados, considerándose moi cálidas. A precipitación rexistrada é maior que o valor climático polo que o mes pódese considerar “húmido”, os días de chuvia son superiores ao valor agardado.



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XUÑO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.8	18.1	21.1 (2004)	15.5 (1977)
Tª mínima media	14.4	12.5	15.3 (2004)	10.6 (1977)
Tª mínima absoluta	11.7 (día 24)	4.6 (05/06/1984)		
Tª máxima media	24.2	23.7	27.2 (1976)	20.4 (1977)
Tª máxima absoluta	33.1 (día 21)	39.6 (19/06/2003)		
Precipitación acumulada	119.3	40-64	229 (1974)	3 (1976)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	9	7	15 (1997)	1 (1976)

Comentario:

En xeral mes cálido para todas as temperaturas, se ben destaca a temperatura mínima, con máis de dous graos por riba do valor climático, polo que o mes quedou moi cálido.

A precipitación rexistrada é superior ó rango normal, polo que o mes pode considerarse “moi húmido”. Isto mesmo obsérvase nos días de chuvia superiores ao valor climático agardado.

OURENSE

	XUÑO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	20.2	19.6	23.8 (2004)	16.4 (1977)
Tª mínima media	14.8	12.4	15.3 (2004)	10.4 (1977)
Tª mínima absoluta	11.7 (día 7)	2.4 (03/06/1975)		
Tª máxima media	26.6	26.8	32.0 (2004)	22.4 (1977)
Tª máxima absoluta	35.2 (día 22)	39.2 (20/06/2003)		
Precipitación acumulada	67.1	24-33	113 (1988)	0 (1979)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	7	5	14 (1988)	0 (1979)

Comentario:


Mes cálido en xeral para as temperaturas, considerándose moi cálido para as temperaturas mínimas.

A precipitación rexistrada é moi superior ao agardado polo que, o mes pode considerarse “moi húmido”. Os días de chuvia tamén son superiores ao valor climático.




3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa





3.3.- Temperatura media das máximas




T_{máx} – 06/2009

www.meteor Galicia.es




3.4.- Temperatura media das mínimas



T_{mín} -- 06/2009

www.meteogalicia.es

3.5.- Chuvia acumulada (litros/m²)



Chuvia -- 06/2009

www.meteogalicia.es